

# CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

24-25 de decembro do 2020

## NADAL DO SEÑOR



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA  
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE SAÚDO DE BENVIDA

*CANTO* 🎵 *nº 1* *Que ledos hoxe estamos*  
*ou nº 65* *Imos compañeiros imos*

### *Celebrante:*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para vivir a fe en comunidade. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Despois do tempo de preparación para este momento, chegou xa a celebración do Nacemento de Xesús. É Nadal. Deus-Neno está xa no medio de nós.

Facemos festa, xunto con todos os crentes, porque Deus está preto de nós. É un Neno que nos chama a que o acollamos na nosa vida, a que compartamos a nosa fe e ledicia, a que o teñamos presente nas nosas relacións cos demais, nestes momentos tan difíciles que estamos a vivir.

Xesús nace para todos. É o Salvador de todos, ninguén queda excluído do seu Amor e da súa Salvación.

Por iso, que nos di o calendario de Nadal para Noiteboa e Nacemento? **FAISE NAS NOSAS MANS**, témolo nas nosas mans. Miremos para elas e fagámolas acolledoras e loitadoras con todos os homes e mulleres de boa vontade. Agora vivamos que **XESÚS XA ESTÁ AQUÍ**.

## PROCLAMACIÓN DO GLORIA

TODOS: *GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS E  
NA TERRA PAZ*

*OU CANTO*    *♪ n° 66*    *Gloria ao Señor nas alturas*

Cantémoslle cos anxos, cos pastores,  
cantemos con María e con Xosé,  
a gloria e a paz que nace en Belén.

TODOS: *GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS E  
NA TERRA PAZ*

Cantémoslle cos pobres e cos pequenos,  
a quen Deus lles procura tanto ben,  
a gloria e a paz que nace en Belén.

TODOS: *GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS E  
NA TERRA PAZ*

Cantémoslle ao Deus que nos visita,  
que mostra na humildade o seu poder,  
a gloria e a paz que nace en Belén.

TODOS: *GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS E  
NA TERRA PAZ*

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

*Celebrante: Rematamos esta primeira parte da  
celebración presentando a Deus a nosa ledicia  
e os nosos desexos neste Nadal.*

*(silenzo)*

Deus, noso Pai,  
ti creaches ás persoas dun xeito admirable  
e renováchesnos dun xeito aínda máis admirable,  
enchéndonos do teu amor.  
Fainos participar na divindade do teu Fillo,  
que **nacéndonos nas mans**  
toma parte na nosa humanidade.  
Pedímoscho polo mesmo Xesús, a quen hoxe  
proclamamos coma o **nacido á nosa beira**,  
e que contigo vive e reina por sempre eternamente.  
Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

*(sentad@s)*    a palabra de Deus proclámase dende o ambón

*Celebrante: Hoxe escoitamos como os pastores reciben  
o anuncio do nacemento do Salvador, e como eles  
vaiamos nós adoralo.*

*Leccionario II B páx 27    Is 52, 7-1    LECTURA*

## PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE ISAÍAS

*¡Que fermosos son sobre os montes  
os pés do mensaxeiro de boas novas,  
que anuncia a fartura,  
que proclama a felicidade,*

que pregoa a salvación,  
que di: Sión, o teu Deus reina!  
¡Un grito! Os teus vixías levantan a voz,  
berran xubilosos a un tempo:  
"Todos os ollos contemplarán a volta do Señor a Sión".  
Berrade a coro con xúbilo, ruínas de Xerusalén,  
que o Señor consolou o seu pobo, redimiu Xerusalén.  
O Señor remangou o seu brazo santo  
aos ollos de todos os pobos,  
e todos os confíns da terra  
viron a salvación do noso Deus.

### Palabra do Señor

♪ n° 3 *Unha xuntanza de amor* SALMO  
ou n° 68 *Con un sombreiro de palla*

(en pé) *Leccionario II B páx 24* Lc 2, 1-14 *EVANXEO*

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Saíu daquela un decreto do emperador Augusto, ordenando o empadroamento de todo o mundo. Foi o primeiro censo que se fixo; por entón era Quirino gobernador de Siria. E todos, en cadansúa cidade, fóronse empadroar.

Tamén subiu Xosé desde Galilea, da vila de Nazaret, ata Xudea, á vila de David chamada Belén, pois pertencía á

casa e familia de David, para empadroarse con María, a súa muller, que estaba embarazada. E resultou que, estando alí, chegoulle o tempo do parto, e deu á luz o seu fillo primoxénito. Envolveuno nuns capizos e deitouno nunha manxadoira, na corte das bestas, porque dentro da pousada non había lugar para eles.

Había naquela comarca uns pastores que pasaban a noite ao descuberto vixiando o seu rabaño. Presentóuselles un anxo do Señor, e a gloria do Señor rodeounos co seu resplandor. Eles levaron un gran susto. Pero o anxo díxolles:

- Non vos asustedes, que vos veño anunciar unha boa nova: vai haber unha gran alegría para todo o pobo. Hoxe na vila de David nacevos un Salvador, o Mesías, Señor. Este é o sinal: atoparedes unha criatura envurullada e deitada nunha manxadoira, nunha corte.

E, de súpeto, arredor do anxo apareceu unha multitude celestial, que louvaba a Deus dicindo:

- ¡Gloria a Deus no ceo e na terra paz ás xentes que gozan do seu amor!

### Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



**Celebrante:** Neste encontro parroquial, sabendo que Deus nace no medio de nós, con ledicia, damos razón da nosa fe diante dos demais dicindo:

♪ **Creo, Señor, pero aumenta a miña fe**

**Monitor/a**

Credes en Deus Pai,  
que acompaña os nosos camiños da vida  
como naquel cortello de Belén?

**Creo, Señor, pero aumenta a miña fe**

Credes en Xesús,  
que se achega a todos nós  
e nace pobre e no medio dos pobres?

**Creo, Señor, pero aumenta a miña fe**

Credes no Espírito de Deus  
que nos alenta a compartir coa ilusión do Nadal?

**Creo, Señor, pero aumenta a miña fe**

Credes na igrexa,  
comunidade que quere medrar acollendo a Xesús  
que se fai no medio dos refuxiados  
e empobrecidos desta terra?

**Creo, Señor, pero aumenta a miña fe**



(en pé) **ORACIÓN UNIVERSAL**

**Celebrante:** *Imos agora rezar a Deus, porque queremos ser unha comunidade ilusionada e agradecida polo nacemento de Xesús. Dicimos:*

**GRAZAS POLO TEU FILLO, SEÑOR**

**Monitor/a**

✓ Todos queremos acoller o cariño de Deus que se nos mostra humilde e forte en Belén. Queremos andar sempre polos seus camiños de paz. Por iso dicimos

✓ Todos queremos acoller nas mans ao Deus que comparte con nós. Queremos tamén achegarnos aos que precisan da nosa compañía e axuda. Por iso dicimos

✓ Todos queremos acoller contentos ao Deus que nos visita na vida dos refuxiados e dos pobres. Queremos agradecer a todos cantos se achegan aos máis necesitados sen virarlle as costas. Por iso dicimos

✓ Todas as comunidades queremos acoller e facer noso o misterio do Nadal. Queremos agradecer o poder ser hoxe signos de alegría, de xustiza e de paz, vivindo o Nadal coidándonos con sentidiño. Por iso dicimos

**Celebrante:** *Señor, acolle as nosas vidas, os nosos bos desexos destes días de Nadal, e que os demais atopen sempre en nós ilusión e paz. Por Xesucristo noso Señor. Amén.*

**3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN  
CON DEUS E COA COMUNIDADE**

**NOSO PAI**

**Celebrante:** *Entremos no corazón do Deus que é Pai, deixémonos encher do seu amar e con Xesús recién nacido á nosa beira, recemos dicindo NOSO PAI ...*

**SIGNO DA PAZ**

**Celebrante:** *As nosas mans abertas expresan a nosa vontade de ser acolledores e solidarios para non virarlle as costas ao pobre; con estas mesmas mans queremos amosar a responsabilidade de ser coidadores con nós, cos demais e con todo. E nestas mesmas mans pousase Xesús porque é NADAL.*

**COMUÑÓN**

**Celebrante:** *A mesa do altar é a mesa do compartir todo o que Deus nos agasalla. Hoxe é unha mesa que nos fai partícipes do Salvador que nace no medio de nós para darnos vida. Hoxe é unha mesa que fala do noso ser acolledores con quen se fai á nosa beira. Ditosos nós convidados a compartir esta festa do Señor.*

*Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar*

**CANTO** n° 58      *Acharte presente na vida*  
ou n° 71      *Canta, cantade pastores*

#### 4.- AVISOS E DESPEDIDA

##### ORACIÓN FINAL

**Celebrante** Deus de misericordia, o Salvador do mundo, ao nacer hoxe, fíxonos nacer a unha vida nova. Que el nos conceda tamén o don da inmortalidade, e así teñamos parte no seu Reino de paz. Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

*Acollemos a Xesús coma o Salvador nacido no medio de nós. Agora dende o sitio onde estamos mandámoslle un bico e*

**Cantamos nº 72 Durme meniño ou calquera outra panxoliña**

*Coa Encarnación do seu Fillo, Deus iluminou este Nadal. Coa súa bondade infinita encha os nosos corazóns de amor e de paz. Amén*

*El anuncioulle aos pastores o gozo inmenso do nacemento salvador do seu Fillo. Que El encha os nosos corazóns coa súa alegría e nos faga mensaxeiros do evanxeo. Amén*

*E polo Nadal do seu Fillo uniu a terra co ceo. Que El nos faga merecentes aquí do seu amor, e no ceo da súa vida sen fin. Amén*

**Estes pasados días fíxose unha recollida para o banco de alimentos. Primeiro gastouse parte do recaudado en compra de alimentos para máis de vinte familias do entorno, xestionando os servizos sociais este reparto.**

***O restante será entregado o luns 28 no banco de alimentos de Vigo e no banco de alimentos do Baixo Miño. Agradecemos ás rapazas que teñen e levan a cabo esta iniciativa e agradecemos a cooperación dos veciños e veciñas de Os Cotos. O total recaudado ascendeu a 2.695´60 euros. Só podemos dicir GRAZAS***

***Que teñamos un bo Nadal e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve á vida eterna. Amén.***

**MOI BO NADAL PARA OS QUE ESTAMOS  
E PARA OS QUE NON ESTÁN**



***“Hoxe nacevos...  
Gloria a Deus no ceo e na terra PAZ ÁS XENTES...”  
Palabras do evanxeo de hoxe.***